Ref.305.24.1/ppvp

Informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia

O 11/06/2024 tivo entrada na Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico o informe proposta da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia

Atendendo a documentación recibida, esta Dirección Xeral emite o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. Obxecto

No ano 2023, como consecuencia da regulación contida no artigo 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispúxose a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas polas zonas de recadación.

Xorde a necesidade de modificar a RPT como consecuencia da asunción da Zona de Recadación de Vigo e, ao mesmo tempo, refórzanse os órganos de xestión tributaria das Delegacións de Lugo e Ourense

SEGUNDO. Modificacións propostas

1. Creacións:

Delegación da Atriga en Vigo**.** Para desempeñar as novas funcións, proponse a dotación da Delegación de Vigo con tres (3) efectivos, dous (2) para o Departamento de Recadación e un (1) deles para reforzar as tarefas de notificacións. Créanse: unha Xefatura de Equipo (A1-25), 2 Xefaturas de Negociado Administrativo (A2-18)

Delegación da Atriga en Lugo créase unha xefatura de unidade (A1-26)

Delegación da Atriga en Ourense créase un técnico/a tributario/a (A2-24)

O custo das creacións, custos sociais incluídos, ascende a **236.083,27€**

DX de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

CVE: tgExkjVDwHB1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2.Amortizacións.

Na Delegación da Atriga en Lugo amortízase un posto base Subrupo A1 (A1-20)

Na Delegación da Atriga en Ourense amortízase un posto base Subrupo A2 (A2-16)

O custo das amortizacións, custos sociais incluídos, ascende a **79.581,44€**

3. Modificacións.

No posto *Unidade de Apoio Administrativo*, código FC.A29.10.000.36001.007 , como consecuencia da eliminación do complemento informático, o complemento específico pasa de 12.444,21 € anuais a 9.868,84€ anuais, producindo un aforro de **2.575,36**€ .

TERCEIRO. Financiamento

A diferencia entre as creacións e a suma das amortizacións e do aforro derivado da modificación do complemento específico, ascende a **153.926,47 euros**, que será financiado co aforro derivado da asunción das competencias das zonas de recadación.

CUARTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral no exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 11 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, e, en aplicación dos artigos 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste momento,

O director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Arturo López Iglesias

DIRECCIÓN XERAL DO EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

DX de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela, A Coruña
Tlfno.:981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94
dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal

Asinado por: LOPEZ IGLESIAS, ARTURO
Cargo: Director Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico
Data e hora: 14/06/2024 15:44:10

CVE: tgExkjVDwHB1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve